



## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma.  
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 18 de xaneiro de 2024





## ASUNTO ÚNICO TRATADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 18 DE XANEIRO DE 2024.

### Información e actas

1.- Toma de acordo sobre a proposición do Grupo Provincial do Partido Popular sobre xustificación da campaña postal de publicidade da Deputación nos concellos da Provincia da Coruña (Financiación de obras e servizos no marco do Plan Único).





## Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 18 de xaneiro de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 18 de xaneiro de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

### Deputados/as

#### Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

#### Excusado:

Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
--------------------------------	----

**Actúa como secretaria:** dona Amparo Taboada Gil, secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:09 horas, tratouse o seguinte asunto:



### Sr. Presidente

Moi bo día, empezamos esta sesión extraordinaria de Pleno, co punto único do día.

### Sra. Secretaria

Xustificación da campaña postal de publicidade da Deputación nos concellos da provincia da Coruña, financiamento de obras e servizos no marco do Plan Único.

### Sr. Ben Otero

Gracias, presidente, compañeros de Corporación.

A finales de ano miles de vecinos, y entre ellos concejales, alcaldes y diputados provinciales, nos vimos sorprendidos por lo que era una campaña publicitaria inédita de la Diputación de A Coruña, una campaña sin precedentes. Una carta adaptada a cada Concello en cuyo encabezamiento se leía “Aquí estamos”. Y, efectivamente, ahí estaba la propaganda en los buzones de cerca de 400.000 vecinos y vecinas de nuestra provincia. Todo un bombardeo publicitario calle a calle, parroquia a parroquia, *rueiro a rueiro*, casa a casa. La sorpresa generalizada por semejante bombardeo publicitario se expresaba en mensajes y llamadas de vecinos o de concejales y alcaldes, y no solo del PP, que se preguntaban, pero, ¿qué es esto?, ¿a qué viene esto ahora?, se preguntaban y se lo siguen preguntando.

Como es natural, el envío masivo de cartas suscitó cierta indignación. Convocadas o anunciadas ya las elecciones, ya en el denominado período de sombra, en el que se hace más necesario que nunca el principio de neutralidad de las administraciones públicas, la Diputación, dirigida por el señor Formoso, presumía de obras y servicios. Servicios que, por cierto y como veremos, se deben al esfuerzo político de quienes integran las corporaciones locales, alcaldes y concejales, y al esfuerzo financiero de todos los contribuyentes.

Pero la indignación no solo nacía del momento en que se repartían esas cartas, la indignación nacía especialmente –especialmente, insisto– del carácter sorpresivo, alevoso y mendaz de la iniciativa y de su contenido. Esto es, una campaña de marketing desarrollada de espaldas a los alcaldes y a los municipios, y una campaña de marketing que falsea la realidad.

No vamos a ser maximalistas y a negar por completo el derecho de la Diputación a poner en valor su existencia y a explicar la función o la utilidad del ente provincial, pero en el caso concreto del POS la campaña es innecesaria. Acaso, señor Formoso, señor Pena, señoras y señores miembros del Gobierno provincial, ¿acaso desconocen ustedes las previsiones de publicidad y comunicación por parte de los concellos del financiamiento del POS? Léanse las bases del Plan Único, ya que los concellos dan publicidad a la financiación recibida de esta Diputación siguiendo las instrucciones del propio ente provincial, en algunos casos hasta en la ropa de trabajo se prevé el logotipo de la Diputación.

En todo caso, como apuntaba, el momento y sobre todo los modos y el contenido revelan mala fe; esto es una práctica que no se espera de quien tiene un mínimo sentido de la lealtad y del respeto institucional. ¡Y vaya si la campaña revela mala fe, señor Formoso! Porque, si usted hubiera actuado de buena fe, cuando en el Pleno del mes de noviembre yo mismo le pedí una mayor neutralidad y ser más escrupulosos y prudentes



con la institución de cara al periodo de sombra que empezaba, usted podía comentar, oiga, pues ahora mismo hay una campaña en marcha, en camino, que llegará... Pero, no, no, usted en aquel momento se calló y pudiéramos haber hecho alguna aportación, sugerencia, propuesta, etc.

Le decía que la iniciativa es reprochable por el momento en que se desarrolla, también por la innecesariedad ya comentada pero, sobre todo, es reprochable por las formas y por el mensaje o la publicidad engañosa que se transmite. Y ya les anticipo que, examinado el expediente, hemos tenido que incluir un quinto motivo de reproche, el desprecio a los principios de buena gestión y alguna sospecha más.

Vayamos brevemente al momento en que se desarrolló la campaña de marketing, aunque la Junta Electoral de Galicia no ha apreciado vulneración de la Ley electoral, y aunque es cierto que el inicio de la contratación de la campaña es anterior al anuncio de las elecciones, no es menos cierto que desde hace mucho tiempo ustedes ya sabían, como todos los gallegos, que en el primer semestre del año 2024 iba a ser año electoral de elecciones autonómicas y, por lo tanto, que iba a ser convertida en una hasta ahora campaña inédita de esta Diputación en un momento de proceso electoral de campaña de las autonómicas. Y sobre todo hay que dejar constancia de que una inmensa mayoría de los sobres son depositados en las oficinas de correos una vez que ya había sido anunciada la fecha de las elecciones autonómicas. Ustedes pudieron haber paralizado y aplazado dicha campaña, pues tampoco tiene sentido que sea ahora mismo inicialmente en este momento del año. Que no exista una responsabilidad legal no quiere decir que no se les pueda dirigir un reproche político por haber apurado las posibilidades hasta el límite de la ley o del fraude de ley.

Pero al margen del momento en que se desarrolló la campaña, al margen de si se ha respetado o no el espíritu de la ley electoral, al margen de si han bordeado ustedes el fraude de ley, al margen de ello, la responsabilidad política ha de exigirse por las formas y por el mensaje de la campaña de marketing.

En las formas, en el mensaje de esa campaña radica la razón de ser de este debate plenario. En la carta folleto que se utilizó en algún momento el verbo financiar, y hasta ahí no habría mayor objeción, le dan ustedes a entender a los vecinos y vecinos de la provincia que las obras son mérito exclusivo de la Diputación. Hablan de “o noso investimento” o incluso en el expediente administrativo habla el señor Formoso de “difundir actuacións realizadas pola Deputación”. ¿Actuaciones realizadas por la Diputación?, ¿actuaciones realizadas por la Diputación las obras del Plan Único de los 93 ayuntamientos de la provincia? Esto suena a tomadura de pelo. Y silencian por completo el papel de los concellos en la realización de las obras, cuando la realidad es bien distinta. Son los concellos, los alcaldes y las alcaldesas, los concejales, quienes tienen que decidir qué obras se hacen entre tantas posibles y necesarias; son ellos, sus alcaldes y sus concejales, en una decisión tomada en sus plenos municipales, son ellos quienes asumen el coste de oportunidad o el coste político de priorizar y decantarse por unas obras frente a otras; son ellos quienes impulsan la memoria del plan; son ellos quienes encargan los proyectos técnicos; son ellos, los concellos, quienes licitan; son ellos, los concellos, quienes ejecutan; son ellos, los concellos, quienes supervisan; son ellos, los concellos, los alcaldes y las alcaldesas, los concejales de la provincia, quienes se enfrentan a la realidad de los hechos y a sus complicaciones, quienes con cada obra tienen que ganarse la confianza o la aceptación de los vecinos o quienes tienen que atenuar o disipar las dudas o la incomprensión de algunas obras. Y ustedes mezquinamente omiten este esfuerzo municipal y se atribuyen los méritos de una innecesaria campaña de marketing inédita hasta este momento.



Y por encima ni avisan a los ayuntamientos de que van a bombardear postalmente los buzones de los vecinos con una campaña que alude a las actuaciones municipales. Lanzar la campaña sin tan siquiera una previa comunicación a los ayuntamientos ha sido algo más que una descortesía, ha sido una mezquindad y una falta de consideración, ha sido una grosería institucional y política. Por lo menos hubieran puesto en cada encarte de cada ayuntamiento la Diputación Provincial y el Ayuntamiento X en cada sitio, pero no han tenido ni esa cortesía, una descortesía absoluta, una mezquindad y una grosería total.

Podría referirme también a la gestión de este expediente, todo un ejemplo, como poco, de mala gestión. No se tramitó el correspondiente procedimiento que permite transparentar, por ejemplo, el gasto de la campaña, del que solo se conoce una parte, la correspondiente a dos contratos menores cuando es mayor, bastante mayor, el coste imputable a dicha campaña de marketing. Por cierto, es de elogiar, irónicamente o no, la rapidez de la empresa adjudicataria del diseño de la campaña que se le pide una propuesta y remite una propuesta de diseño en tan solo dos días: magnífica gestión, gente eficaz sin duda ninguna. Y la verdad, como están los supuestos precios de mercado en los trabajos de diseño, hay que reconocerlo. Y por cierto también, más allá de la anécdota de un correo electrónico que aparecía remitido a la empresa adjudicataria a las seis de la mañana, ya se nos ha dado explicación de esto, más allá de esa anécdota, hemos solicitado copia de todos los correos electrónicos que pueda haber con las empresas que presentaron propuestas de diseño de la campaña y particularmente con la adjudicataria, y se nos niega este acceso con un argumento que, con el debido respeto, no compartimos. Esos correos, de existir, constituirían una información relevante para descartar que haya habido un falseamiento de la competencia en la adjudicación de un contrato. Si no ha habido nada indebido, ¿por qué niegan el acceso a la documentación solicitada? La pregunta que nos hacemos.

En fin, como ya he comentado, lo más grosero de esta campaña han sido las formas y el mensaje mendaz que se ha transmitido. Esperemos por lo menos unas disculpas del Gobierno provincial en boca de su presidente. Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Non me gusta, pero vou coincidir bastante coa intervención de Evaristo. Non me gusta porque non me gusta coincidir, sepárannos as ideoloxías, eu teño ideoloxía e Evaristo tamén a ten e, por tanto, non me gusta coincidir, pero hai unha parte en que si vou coincidir. En relación coa propaganda da Deputación remitida aos cidadáns, de Oleiros neste caso, na que se menciona textualmente “Darche a coñecer o noso labor no teu concello para mellorar a túa calidade de vida”, eu teño que manifestar o seguinte: parte dos recursos económicos dos concellos obtéñense de fondos directos do Estado, impostos da renda, sociedades, IVE, especiais, carburos, hidrocarburos, bebidas alcohólicas, etc. Sería unha *coña marinera* que viñera o Goberno da nación a poñerlle nome a cando eu contrato un parque ou cando limpo unha rúa ou cando..., sería gravísimo. E fondos da Xunta, que son escasísimos ou case nulos, e fondo de cooperación, 80.000 euros, unha cantidade irrisoria e que son fondos non finalistas. Deputación, que ademais dos regalos que fai a Deputación, que me parecen ben, é unha colaboración con determinadas sociedades, clubs, etc., do plan de obras e servizos e do que estamos a falar aquí hoxe neste momento. Un diñeiro dos concellos distribuído a través das deputacións. Senón, a moitos dos que están aquí moitas veces eu téñolles oído “fóra deputacións, fóra deputacións”. Pois non, seguen as deputacións, pero os fondos non son da Deputación, son fondos da Deputación que teñen que reverterse parte deles aos municipios.





E, por outro lado, están os impostos municipais: taxas, IBI, vehículos, plusvalía, ICIO, construción, etc. Con todos eses recursos obtidos son os concellos quen deciden e como os invisten; son os concellos os que fan os proxectos e contratan as obras e servizos; son os concellos os que logran o solo necesario para a realización dos proxectos. Hoxe mesmo, aínda hai un montón de proxectos en toda a provincia que non se poden realizar porque non hai o solo necesario, porque non puideron expropiar os concellos, porque Augas de Galicia non deu o permiso, porque Patrimonio os está puteándoos totalmente, etc. E hai obras que non se van poder facer, incluso algunhas das que saíron anunciadas no periódico. Son os concellos os que teñen que tramitar os permisos pertinentes ante outras administracións, Patrimonio, Augas de Galicia, Carreteras, Urbanismo, etc. Ningunha administración allea aos concellos pode arrogarse a titularidade das obras realizadas ou contratadas, agás aquelas que afectan ou contratan directamente outras administracións en estradas do Estado, da Xunta, da Deputación, Portos ou Costas do Estado, que non é o caso do que aquí hoxe estamos a tratar. Os plans da Deputación cos concellos cando se tratan xa son publicitados. Eu teño aquí criticado moitas veces, incluso publicitados de máis, notas de prensa, hai un acordo do Pleno, é como se non estiveramos aquí ninguén máis que o Goberno da Corporación, aquí non hai debates ao parecer, aquí non hai nada de nada e non se decata ninguén se a Corporación debateu e que dixo neste aspecto. Por tanto, si se encarga despois, que ademais me parece lícito, que o Goberno diga, “mire, aprobamos isto no...” e incluso que poña un anuncio e o pague, paréceme lícito.

Sería bo, por tanto, que a Deputación, en vez de atribuírse obras alleas, no caso de Oleiros publicitase as de execución directa do órgano provincial, importantísimas, que en cambio non se sacan na prensa e si podían sacarse, incluso agora en plena campaña electoral, tales como foi a rotonda da Chasqueira, unha gran obra da Deputación, feita pola Deputación sen o Concello; o aumento da vía entre Mera e a Vía Ártabra, que ten 4 quilómetros e quedou marabillosamente feito, despois dun longo proceso, pero que está aí. Esas son cousas para sacar. Señor presidente, vostede pode sacar esas notas e ademais xáctase delas, porque son obras importantísimas que se fixeron no Concello de Oleiros, por certo coa colaboración do concello cando xestiona o solo para que a Deputación poida adiantar o tema. A ampliación e mellora, como dixen, da vía esa que conecta coa Vía Ártabra, ou a obra que van facer agora, unha gran obra que se vai facer en Santa Cristina, que por certo, presidente, rógolle que dunha vez por todas se contrate dunha vez por todas, se firme o contrato. É vergonzoso que levemos dous anos e dous meses desde que vostede e máis eu, que sei que tiña interese grande en facela, estivemos alí, ata hoxe aínda non se asinou o contrato, paréceme indignante, unha obra que non se pode facer no verán, que hai que facela agora nestes meses de inverno, porque Santa Cristina é unha zona turística da comarca da Coruña e hai moita xente durante todo o verán.

Ou a mellora da estrada, outra obra importantísima que pedimos desde Oleiros e que vostedes fixeron, da que tamén teñen que sacarlle lustre, abrillantala e que é a de Santa Cruz a Montrove, que se vai a ampliar e que, por certo, acabo de saber que despois dun ano e dous meses de adxudicación do contrato, a empresa non empezara por culpa de Fenosa e agora colocaron os postes de Fenosa, 4 postes e colocáronnos mal, e hai que volver sacalos e hai que esperar non sei cantos meses; é que me parece, haberá que chamalo á orde a algún técnico, a algún técnico, señor presidente, haberá que chamalo á orde para que estas cousas non pasen. Puxeron os postes onde non había que poñelos e agora hai que volver sacalo, non sei quen o vai pagar, pero hai que volver facer un gasto importante. Por tanto, esta é miña crítica a vostede.

Pero, por outra banda, por outra banda, paréceme incongruente e demagóxica a actitude do Partido Popular cando utiliza a diario os fondos públicos en campañas



partidistas para enmudecer indirectamente, neste caso a Ángel García Seoane e a Alternativa dos Veciños, en medios de comunicación ou os grupos da oposición. Só no mes de novembro a Xunta investiu en 58 anuncios partidistas en prensa por un importe de 156.000 euros, só nun mes, enmarcados coa cor que o PP utiliza na súa propaganda electoral e cos anagramas tamén que utiliza o PP, case sempre moi parecido. Vemos o anuncio, vemos as cousas que fai o PP particularmente e son as mesmas. E dise “Futuro de calidade”, slogans moi adaptados, por certo, a determinadas políticas, “Futuro de calidade”, iso espero, que haxa un futuro de calidade. “Remángate”, non sei se é para andar a hostias con alguén, “Que o tempo non pase”, é o que algúns queren; “Botámosche un cable”, á gorxa; “Quedar en branco senta ben” non penses, non penses; “Irse da lingua senta ben”, me gusta la fruta. “Irse polas ramas”, ben vaia por deus; “Dálle á pataca”, mellor centolos que darlle á pataca, e ter que mollarse está ben. Agora mesmo estanse mollando hoxe na praia Bastiagueiro, estanse recollendo nesta campaña alarmante que hai nese momento, hai un accidente, hai un barco que contamina, pero creo que se está esaxerando a situación e, ben, levan uns días nas praias de Oleiros que non hai un puto pellet e hai 4 persoas que cobran 150 euros diarios máis as axudas de custe, máis a quilometraxe desde onde se despracen; paréceme que non ten sentido ningún onde non hai nada que recoller –houbo que recoller–, onde non hai nada que recoller.

Por tanto, é dicir, á marxe das achegas reguladas desde a administración dos fondos para as unidades informativas anuais, que ten obriga a Xunta, que colabora cos medios, a Xunta reparte 1.976.772 euros nos medios de comunicación, está regulado, ata aí nada que dicir; pero o PP, a través da Xunta de Galicia, adoutrina os medios con máis de 1.800.000, por riba deste 1.976.800, con 1.800.00 euros anuais aos medios de comunicación para ternos calados aos demais e para “onde digo digo, diga Diego” e etcétera. Manda carallo!, como di o outro. Isto si que é unha campaña sen precedentes, nada máis.

#### Sra. Veira González

Grazas, señor presidente. Bo día.

Para comezar a miña intervención, gustaríame darlle as grazas ao Partido Popular pola convocatoria deste Pleno, por unha banda, porque nos vai permitir darlle máis difusión ao Plan Único, ao plan de obras e servizos e, por outra banda, porque esta é unha ocasión excepcional para dar explicacións sobre esta carta, dar explicacións, cousa que a nós nos gusta, a nós gústanos a transparencia, gústanos dar explicacións, non somos alérxicos á transparencia e tampouco á verdade.

Ademais gustaríame aproveitar este momento para darlle os parabéns, os meus máis sinceros parabéns ao Partido Popular polo incríbel éxito que tivo a súa denuncia na Xunta Electoral. Unha denuncia e unha solicitude de Pleno extraordinario que realmente o que revelan é o seu estado de nerviosismo. Están vostedes, vostedes están dos nervios porque saben que hai unha Galiza que clama cambio e que está disposta a facelo posíbel.

Afirmaba o Partido Popular na denuncia que se depositaran as cartas nas oficinas de correos dos diferentes concellos a partir do martes 26 de decembro de 2023, e quedou absolutamente claro nas alegacións e tamén na resolución da Xunta Electoral que a súa acusación era absolutamente infundada. Eu sei que vostedes ás veces teñen problemas coas datas e que teñen problemas coa verdade, pero o certo é que quedou demostrado absolutamente que mentían e que fan da mentira un xeito de facer política.



Miren, voulles dar uns datos, xa sei que non lles gusta, pero voullos dar. Primeiro, o proceso de contratación do expediente de contratación do deseño da campaña publicitaria do Plan Único das 93 cartas e folletos iniciouse mediante resolución da Presidencia o 5 de decembro de 2023. O anuncio da contratación das tarefas de ensobrado e clasificación postal dos folletos e cartas publícase o 12 de decembro de 2023; a adxudicación do contrato é do 15 de decembro de 2023. A empresa recolle os sobres, folletos e cartas o día 18 de decembro de 2023 e, tal e como demostran os documentos facilitados pola empresa, o depósito das cartas nas oficinas de correos prodúcese os días 20, 21 e 22 de decembro. Non, non, nos albarás queda absolutamente claro que non, nin cando xorde a idea, nin cando se fai o proceso de licitación estaban convocadas as eleccións. Obviamente, o Goberno da Deputación da Coruña, este vicepresidente, o presidente da Deputación da Coruña, non coñecían a data de convocatoria das eleccións; quen si o coñecía ou debería de coñecelo é o señor Rueda, pero ata ese día practicamente, ou ata esa última semana, negaba unha e outra vez que fose adiantar as eleccións e andaba xogando coa convocatoria das eleccións.

Pero, por que se envían estas cartas? Por que envía a Deputación da Coruña estas cartas?, por pura transparencia; xa sei que vostedes tampouco lles gusta, e ademais dun modo moito máis directo dos que se empregaran ata o de agora, moito máis económico dos que se empregaran ata o de agora e das outras fórmulas que se empregaran ata o de agora. E por que se fai? Porque nós entendemos que é moi importante trasladarlles a todas as persoas, a todas as habitantes e os habitantes desta provincia a importancia do Plan Único. Ademais, é unha carta, que a min me chama a atención que lles escandalice tanto a vostedes, unha carta sen asinar, a diferenza das que envía a Xunta de Galiza, con información que está dispoñíbel na web do propio Plan Único, pero que se envía ás casas nun formato moitísimo máis accesíbel para toda a poboación. E por que informamos? Porque é de xustiza que as cidadáns e os cidadás desta provincia coñezan os fondos dos que dispoñen os seus concellos e cos que se realizan boa parte de obras e servizos ou cos que se sosteñen servizos tan fundamentais como o alumeadado e que eses fondos proveñen da Deputación da Coruña.

A carta non ten nada reprochábel nin ética nin legalmente, señores e señoras do Partido Popular, porque a Deputación gobernada polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego ten un plan que non deixou de medrar desde 2017, é iso é realmente o que lles molesta. Mire, desde o ano en que se implementou, desde 2017, levamos xa 672 millóns de euros trasladados aos concellos, trasladados aos concellos e que serven para financiar, como dixen, obras e servizos fundamentais para a vida das persoas que viven nesta provincia. Saben cal é a mágoa? A mágoa é que a Xunta de Galiza non poida publicitar un plan nin sequera semellante ao da provincia da Coruña, da Deputación da Coruña. Mire, a Xunta de Galiza non lle pode comunicar a cada galega e a cada galego os fondos que o seu concello recibe a través dunha ferramenta de financiamento viva e actualizada, cunha cantidade que se coñece antes de comezar o exercicio, que teña como principio a autonomía municipal e que se adxudique con criterios obxectivos. Esa ferramenta non existe, non poden comunicala porque non existe, porque só o 32 % dos recursos que ten transferido a Xunta de Galiza os concellos se fai a través do Fondo de Cooperación Local. O resto, un 68 %, repartíuse dun xeito clientelar e discrecional por parte da Xunta de Galiza, discriminando os gobernos que non son do Partido Popular e, sobre todo, as galegas e os galegos que viven en territorios non gobernados pola súa organización política.

Mire, os concellos viven día si e día tamén unha falta de financiamento local mentres a Xunta de Galiza exerce cada día unha política de patapún para abaixo aos concellos, facéndooos responsables de competencias que non deberían de asumir. Competencias, máis competencias, e menos cartos, esa é a realidade da política da



Xunta de Galiza para cos concellos.

Pero, miren, como xa sabemos que nin lles interesa a verdade nin a transparencia, e como vostedes o que denuncian xa se resolve en catro frases, porque son catro datas, a min gustaríame lembrarlles a súa absoluta hipocrisía cando denuncian isto, porque vostedes ven a sombra no ollo alleo, pero non ven a escuridade no propio. Están denunciando unha cuestión que se fai, segundo vostedes, incumprindo a lei electoral en período de sombra, pero vostedes o que están facendo desde que teñen un proxecto de orzamentos na Xunta de Galiza é, vaia, é que non ten nome. Mire, a vostedes férvelles o sangue con esta carta, pero non teñen ningún remorso, pero nin disimulo, nin disimulo, no deseño das campañas institucionais e de Partido, que é que son case indistinguíbeis, e que esta é a imaxe do Bono Deporte, e este é o Galicia non para de Rueda. É que son practicamente iguais, é que as tipografías e os azuis son practicamente iguais, e non é algo pouco intencionado. É algo que vostedes fan intencionadamente.

Falan de período de sombra, sóalles supoño que Diego Calvo, non? Sóalle, foi presidente desta Deputación. Catro de xaneiro nun establecemento pegando o adhesivo do Bono Deporte cando xa estaban máis que convocadas as eleccións. Están enviando vostedes cartas ás casas cun Bono Coidados no Fogar, que esa si que é unha campaña, vaia, en fin, non é que sexa enganosa, e que é o seguinte e ademais acaba de dicírllelo o propio Colexio de Traballo Social, mentres vostedes tardan anos en facer as valoracións de dependencia, despois de 14 anos sen crear prazas públicas de residencias, entregando a vellez a residencias privadas que malcoidan a nosa xente maior; mentres manteñen conxelados os prezos por hora de axuda a domicilio condenando á precariedade as traballadoras dos servizos de axuda a domicilio e afogando os concellos. Vaia cara, perdón, vaia carta que enviaron vostedes aos domicilios falando deses 5.000 euros do Bono Coidados. Por non falar do seu Galicia Sabe a Mar, a toda plana nos xornais, no medio da crise dos pellets, unha campaña pagada, esa si, con todo, cos cartos de todas as galegas e os galegos, mentres abandonan os concellos costeiros, que por certo é a provincia da Coruña, a provincia con máis costa con diferenza de todas as do país, e mandan unhas persoas cuns chalequiños a razón de 150 euros netos, cuns folletos que, "bueno, que si eso, que si ven pellets que los recojan", vamos, e que é efectivamente de matrícula de honra.

Miren, levan vostedes desde que teñen un proxecto de orzamentos sacando a chequeira para todo o que se lles acorda. E unha chequeira que ademais esqueceron no peto, deberon de esquecerla cando estabamos vivindo en Galiza a maior crise inflacionista desde que hai datos.

A ver, esqueceróñse de sacar a chequeira segundo para quen. Retiraron a Tarxeta Básica á vez que suprimían o imposto do patrimonio, do que se beneficiaban 8.000 ricos. Ben, a chequeira depende, depende, sacámola para unha cousas, para outras non. Unha chequeira coa que pretenden pagar cruceiros para a mocidade, unha mocidade condenada á emigración, á precariedade e a non pagar unha vivenda, a non poder pagar unha vivenda, un alugueiro, ou incluso moverse polo país en transporte público, que non é que se queira ir de cruceiro, é que non pode moverse polo país en transporte público. Promocionan vostedes un bono deporte para a rapazada que practica deporte e mentres vostedes se negan, e foi unha das primeiras iniciativas que tivo ademais o Partido, o señor Feijóo ao chegar á Xunta de Galiza, mentres negan a gratuidade universal dos libros de texto. Miren, teñen vostedes unha cara impresionante e non teñen vostedes decencia.

Tampouco lles treme a man, si, si, non lles treme a man a vostedes para prometer



desde a Xunta de Galiza onte, gobernada polo Partido Popular e non desde o Partido Popular, non é un anuncio electoral, a Xunta de Galiza acaba de anunciar unha axuda extraordinaria a curto prazo por un montante total de 4 millóns de euros para 7.000 mariscadoras, en período de sombra, señor Ben, en período de sombra, despois de votar dúas veces no Parlamento galego en contra desta axuda. Non teñen decencia. Non teñen ningún pudor tampouco adiantando desde a Xunta de Galiza as axudas aos centros galegos na emigración, adiantándoas, que vai finalizar este ano o prazo de presentación de solicitudes na mesma data na que noutros anos empezaba ese prazo, dous días antes de que teñan lugar as eleccións. Período de sombra, señor Ben, período de sombra que vostedes xa vemos por onde o pasan.

Mire, poderíamos estar así ata mañá, con cheques repartidos con cargo aos cartos de todas as galegas e todos os galegos, coa súa distancia respecto das necesidades da realidade das galegas e dos galegos, coa súa confusión propositada entre institución e partido. Están vostedes moi mal acostumados, menos mal que está aí xa o 18 de febreiro, procuren levalo con calma porque o cambio en Galiza é imparábel.

### Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Eu creo que... Por favor? Grazas, Carlos, se tes a amabilidade. Dicía que creo que ninguén dubida de que é bo delegar nos concellos, o que pasa é que delegar non debe significar renunciar ás competencias e moito menos ao protagonismo dunha administración intermedia, dunha administración provincial como é a Deputación Provincial da Coruña, iso compartímolo todos e todas. E isto que acabo de dicir non o digo eu, díxoo o portavoz do Partido Popular no Pleno do 25 de novembro de 2016, cando esta Deputación aprobou o Plan Único. O señor Hernández, naquel momento, que ocupaba o seu sitio, señor Ben, dicía naquel momento que nós non debiamos de renunciar a que a Deputación Provincial da Coruña quedara diluída con este Plan Único que vostedes denunciaban, ademais utilizando de forma vergonzosa, aí si, os alcaldes e alcaldesas, e os veciños e veciñas aos que representan, manifestándose diante das portas desta institución dicindo que lles roubabamos aos alcaldes do Partido Popular, que por certo reciben entre o dobre e o triplo do que recibían cando gobernaban vostedes. E recíbeno con criterios obxectivos, que é no fondo o que non lles gusta a vostedes do Plan Único, porque a vosa forma de actuar, o seu *modus operandi*, que todos e todas coñecemos, é diferente. Antonte mesmo, sen ir máis lonxe, saíu unha nova axuda da Xunta de Galicia da loita contra o impacto paisaxístico, novamente con ese sistema de "por orden de chegada". Que sempre chegan de primeiros os do Partido Popular, que casualidade! O 99 % desas axudas repártense entre concellos do PP, unha axuda que en 6 minutos, 7, 3, dependendo da convocatoria, queda totalmente esgotada. Todos sabemos como funciona, que é: aviso primeiro os meus para que teñan todo preparado e así chegan de primeiros. Non falaremos incluso de que algún dos documentos que había que cubrir estaba mal e era do ano 2023. Xogo aquí o salario dun ano a que non hai ningún concello do PP que teña metido mal ese documento. Seguramente, e sendo mal pensado, que o son, a alguén se lle trasladou o que estaba ben para poder ter un pouquiño máis de vantaxe con respecto aos demais concellos.

Entón, cal é o problema? Que estamos a facer o que vostedes pediron cando se aprobou este Plan Único, e era darlle visibilidade a esta administración. Por certo, non minta vostede, porque mente directamente cando di que nós nos apropiamos das obras dos concellos. Non é verdade, dío a propia carta; menos mal que é unha carta e queda por escrito e non foi unha declaración dalgúns dos membros do Goberno. Unha carta na que di que a través da Deputación se financian esas obras, e é o que estamos a dicir e o que está a ocorrer. A Deputación transfire eses recursos aos concellos e eles deciden en exclusiva en que queren investilos, que é algo que a vostedes non lles gusta, porque





vostedes cada dous por tres traen propostas a este Pleno para que saquemos liñas dirixidas de investimentos en vez de tratar os concellos como maiores de idade e como unha administración á que hai que tratar de tu a tu, e non estar supervisando constantemente e dirixindo os seus investimentos, que no caso dos recursos que achega tamén a Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular, tamén saen dos petos dos cidadáns, eh, porque non creo que os traian os conselleiros ou o señor Rueda da casa. Por tanto, cal é o problema?

Di vostede ademais que isto se depositou en Correos en período de sombra, novamente volve mentir. Outra cousa é que as oficinas de Correos, o propio Correos o depositase ese día, pero están depositados en Correos con anterioridade a esa convocatoria electoral, por certo o mesmo día que se depositaron en Correos, foi o mesmo día que o señor Rueda dixo no Parlamento de Galicia que non ía haber adianto electoral, para xustamente ao día seguinte anunciar o adianto electoral. Un señor Rueda, que ademais vemos, como ben acabamos de comprobar agora, que si remite como presidente da Xunta, de todos os galegos e as galegas, unha carta asinada, esa si, pono aquí abaixo Alfonso Rueda, porque a que mandamos nós pon Deputación da Coruña, que é de todos e de todas. Vostedes, aínda que no seu subconsciente parece ser que non o teñen asumido, tamén son Deputación, porque representan os cidadáns nesta administración e aquí estamos todos neste Pleno. Polo tanto, fala a Deputación da Coruña, non vai asinada nin polo vicepresidente, nin polo presidente, nin fala de ningún partido, nin sequera confundimos a cor da nosa formación política e dos nosos logos coa cor da administración, fíxese vostede.

Pois dicía o señor Rueda: “Estimada María Luísa”. Fíxese, xa non é a nosa carta, que a nosa carta vai “Estimado veciño de Oleiros, de Pontedeume, da Laracha, de onde sexa, non; “estimada María Luísa”, máis personalizada imposible. “O sistema de transporte público de Galicia é un sistema de mobilidade sostible e eficiente –patatín patatán–, para o vindeiro ano reforzaremos as vantaxes deste sistema de mobilidade. Así, a partir do 1 de xaneiro as persoas maiores de 65 anos poderán viaxar de forma gratuíta no transporte público titular da Xunta de Galicia”, asinado: Alfonso Rueda. “Querida familia –isto xa e un pouquiño máis bonito, porque fala da familia, que sabemos que son conceptos sempre moito máis románticos–, o Goberno galego, consciente de que detrás dunha solicitude de atención á dependencia atópanse sempre persoas, familias que precisan de apoio, axuda e comprensión ante un momento difícil das súas vidas” –se fose destes postais que se abren, soaría unha música destas así melancólica e incluso se escoitaría unha bágoa de alguén por detrás– “queremos continuar coidando de todas as persoas con dependencia, por iso ideamos o bono coidado no fogar –e estou dándolle un ton que seguramente o señor Lorenzo, que sabe disto máis ca min, tamén o faría moi ben–, un apoio de 5.000 euros ao ano dirixido ás persoas que desexen ser coidadas nas súas casas por un familiar, amigo, veciña ou calquera outra persoa que elixa a persoa dependente”. Asinado: Alfonso Rueda Valenzuela. Faltou dicir: “te quiero mucho, estoy aquí para lo que necesites”. E teñen a desvergonza e a cara dura, porque non hai outra forma de definilo, xa non de vir a este Pleno dicir que acaba vostede de dicir, que hai que ter rostro, senón a convocar un pleno extraordinario, o segundo en nove anos, a pesar de que poden convocar vostedes tres en cada ano, non atoparon motivos en nove anos para convocar outro pleno extraordinario en cuestións que lle afectaran de verdade á cidadanía desta provincia, que veñen con esta cousa absurda, por non utilizar outro termo, dunha carta que vostede di publicitaria, cando é mentira: iso non é publicidade, é informativa, señor Ben, non manipule vostede. Porque o que dicimos é que a Deputación financia esas obras nese concello, igual que os alcaldes e alcaldesas, cando imos anunciar as obras, que tamén se financian cos recursos dos nosos veciños, dicimos o concello e vai o alcalde de quenda a dicilo, non dicimos isto se financia co teu diñeiro, non?, verdade que non? Por tanto, cal é o problema? E que nin sequera nos achegamos



de lonxe ao que fan vostedes, a utilización partidista e vergoñenta das administracións públicas, da televisión pública. Pero que fala vostede se acaban de contratar un millón de euros en publicidade con medios de comunicación, xa convocada a campaña en plena crise dos pellets? Pero que exemplo nos van dar a nós?, que leccións van dar ás demais formacións políticas vostedes, vostedes?

Se ata pervertiron esta Deputación sacando un plan que primaba a poboación para darlle cartos ás cidades porque estaban gobernadas polo Partido Popular. Pero que máis argumentos necesitan sobre a mesa para darse conta de que, neste caso, nin sequera, que xa digo, nin nos acercamos ao que fan vostedes. De aí que eu podía entender que publicamente e nos medios puideran facer algo de política con este tema, é parte do xogo, entendo. Pero chegar a convocar un pleno, chegar aquí a escoitar o que lles estamos dicindo, o que lles estamos ensinando, deixando en evidencia a pouca vergonza que teñen vostedes, a utilización das administracións asinando cartas, sacando boletíns nos que se poñen as axudas da Xunta, pero non se fala cando colabora a Deputación, ou mandando notas de prensa como esta que temos aquí. E mire, voulle ler unha cousa que é moi parecida ao Plan Único, unha subvención da Xunta de Galicia na que un concello, neste caso o meu, pero voulle ler outro máis, na que un concello decide, nós, unha vez que se nos concede, en que queremos investila, que era para reparar un lavadoiro. É dicir, o concello, como dixó antes vostede, vouno parafrasear: redactou o proxecto, licitou a obra, contratou a obra, fixo o seguimento da obra e, cando remata a obra, "Gonzalo Trenor visitou as obras que se están realizando, a rehabilitación nun lavadoiro e fonte en Pontedeume; esta orde de axudas establécese para concellos e particulares e está financiada pola Xunta de Galicia". Eu nunca vin ningún alcalde que non fora dos seus, e nosos moito menos, discutir nin convocar ningún pleno extraordinario por isto, que vén dicir o mesmo que dicimos nós nesa carta, que está financiada pola Deputación da Coruña, unha actuación decidida en exclusiva polo meu concello, como dixó vostede antes, licitada, contratada e con todo o seguimento realizado dende o ente municipal. Nunca se me ocorrería crítica-la porque non está mentindo, está dicindo que está financiada con recursos que achega a Xunta de Galicia ao meu concello. "La Xunta refuerza su compromiso –esta xa é un pouquiño máis partidista, máis bonita, porque loxicamente son da casa pero...– la Xunta refuerza su compromiso con el Ayuntamiento de Aranga, financiando actuaciones con más de 280.000 euros para mejorar sus servicios municipales. El delegado de la Xunta visitó el pabellón municipal de La Castellana...". Cal é o problema?

Sabe cal é o problema? O problema é que vostedes pensan que as administracións son da súa propiedade e que os demais non poden facer nin de lonxe, porque neste caso si fixemos o mesmo, pero é que noutros casos van vostedes moito máis alá, non poden facer o mesmo que fan vostedes, que é neste caso dar a coñecer o traballo que fai a Deputación. Por que lles molesta a moitos dos seus alcaldes?, porque non queren que se saiba que hai unha Deputación gobernada por outro partido, que en moitas ocasións achega máis recursos económicos ao seu concello que o da Xunta de Galicia. E, se quere, pódolle ler aquí o que repartían vostedes cando estaban á fronte desta institución e o que repartimos agora con este Plan Único, e o que levaban concellos, por exemplo, como Coristanco, que pasou de recibir 526.000 euros ao ano co señor Diego Calvo a 1.122.000; ou o Concello de Porto do Son, que pasou de 471.000 a 1 millón de euros; ou o de Oza-Cesuras, de 695.000 a un 1.340.000; ou o de Vedra, de 332.000 a 700.000, Laracha de 564 a 1.300.000. Podería seguir así ao longo e ancho da provincia, porque todos e cada un dos concellos reciben entre o dobre e o triplo do que recibían, e vostedes non queren que iso se saiba, e por que non queren que se saiba?, para que a xente non caia na tentación de facer unha comparativa en como repartimos nós os recursos que saen dos seus petos e dos seus impostos e como os reparten vostedes. Nós facémolo cun criterio obxectivo e, polo tanto, aquí hai alcaldes e



alcaldesas do Partido Popular que, aínda que mañá non estean eles e estea outra formación política, van recibir os mesmos cartos que reciben agora con ese criterio obxectivo, non co que teñen vostedes, que é "con el dedito". E onde governa o Partido Popular hai máis recursos, e moitas veces, como xa nin sequera é tan descarado facelo así, que é o que fan?, pois sacan estas axudas vergonzosas que rozan a ilegalidade de "por orden de chegada" que, se alguén pinchase teléfonos seguramente teríamos unha información moi acertada de como se tramitan con anterioridade a que se publique a convocatoria porque, se non, chama moito a atención, como dixen antes, que o 99 % desas subvencións caían en concellos do Partido Popular.

E iso é o que non lles gusta de verdade, que haxa esa comparativa, porque algúns entendemos a administración dunha forma diferente á súa, moi diferente á súa. Vostedes aprópianse delas e reparten os recursos, e postos a respectar os cidadáns, a ter en conta os recursos que achegan dos seus impostos, froito do seu traballo, se quere póñome tan melancólico como as cartas do señor Rueda, teñen vostedes un exemplo, vamos, flagrante nesa marabillosa Xunta de Galicia que é o canon da auga, que se recada en cada un dos concellos e que non reverte nesos concellos, porque hai moitos concellos aquí e moitos concellos que non son do Partido Popular que nin sequera a Xunta de Galicia chega a través de Augas de Galicia e desa Consellería tan fabulosa en mans da señora Ethel Vázquez aquilo que recada directamente dos impostos deses concellos, o que fai é que vai todo a unha bolsa común e despois repártese, con que criterio?, co criterio que todos sabemos, que é o do Partido Popular.

Polo tanto, isto que poderíamos discutir eu e vostede máis fóra, que poderíamos falar na prensa e en calquera debate por aí, ter que facelo aquí a min case ata me dá vergoña. E vir facer este papel aquí, esta trampa con esta representación, e dicir vostede as cousas que dixo de se isto é grotesco, de se o período de sombra, de se campaña publicitaria, de se mensaxes e veciños de alcaldes queixándose. Mire, aquí recibimos 5 comunicacións, mandáronse 372.000 cartas e só chegaron 5 comunicacións á Deputación, 4 delas queixándose e unha delas pedindo información. Se quere sacamos cantas queixas hai de familias que recibiron esa carta de dependencia, que ao final xa non é que fora información, iso si que era publicidade, porque mentía directamente, porque non é un bono de 5.000 euros, son os 29 euros de incremento mensual dunha axuda que xa existe dende o ano creo que é 2016 ou 2006, non recordo agora moi ben. Iso é o que fan vostedes, vostedes si que menten nesas cartas. Non falei do transporte metropolitano, que hai que ter estómago, hai que ter estómago para falar dese tema e para escoitar cousas como as que escoitamos á señora conselleira dicindo que o transporte metropolitano funciona de marabilla en Galicia; que llelo digan aos que quedan tirados nas paradas todos os días. Ou que llelo digan aos que veñen en autobús entre A Coruña e Ferrol coa porta aberta pola autopista, será para ventilar polo Covid, agora hai moita gripe A.

Serían vostedes un pouquiño máis cribles ante a cidadanía se fosen un pouquiño máis rigorosos nas cousas que din. Despois, froito desa certa tendencia ou querencia que ten vostede pola manipulación, di cousas pero non aclara como, por exemplo, o tema da hora do correo, que di vostede: "tengo un correo que se manda a deshora, que ya se aclaró"; non, pero como se aclarou?, diga vostede como se aclarou. Aclarouse porque ese correo reenviado, que era das 6.52 da mañá, era porque a persoa que o reenviaba estaba en Nova York, e por defecto o Gmail modifica a hora. Pero vostede iso non o dixo agora, deixou outra vez no aire a sospeita, que é o que fai con bastante facilidade.

E despois o que máis me gustou da súa intervención, e vou rematar, son estas afirmacións de "al margen o no de la –como dixo?– al margen de si se había incumplido o no la ley, al margen de si esto se ajusta o no a la legalidad". Nosotros ¿cómo al margen?,





pero vamos a ver. Primeiro, al margen de si se ha o no, no; al margen de que no se ha..., porque a Xunta Electoral xa dixo que “no se ha”. Pero novamente vostede de “si se ha o no”, vamos a deixar la sospecha. É verdade que estaría encantado de que houbera unha resolución, seguramente a vostede lle encantaría, da Xunta Electoral obrigándonos a retirar esta campaña, pero tivo a mala sorte de que non a hai. E non a hai porque aqueles que teñen que decidir se efectivamente aquí hai electoralismo, se aquí hai publicidade encuberta, se aquí hai unha utilización da administración para facer campaña, pois din que non a hai. Esa é a súa desgraza. Encantaríalle ter aquí esa resolución da Xunta Electoral e refregárnola pola cara, pero desgraciadamente para vostede non vai ter esa sorte.

Por tanto, non hai caso, señoría, que se diría nesas películas norteamericanas; non hai caso, porque xa dixo quen ten que dicilo, que non é vostede nin eu, nin os alcaldes e alcaldesas, nin os militantes do Partido Popular, nin o señor Rueda, nin os conselleiros, xa dixo quen ten que dicir se esa campaña se axustaba á lei ou non. É o mesmo que dixo, pois aínda recentemente, que vostedes tiñan que retirar unha campaña da Xunta de Galicia que pedía o voto por correo, aí si que houbo unha resolución da Xunta Electoral dicindo que incumpría a lei. Aí si que podemos poñer sobre a mesa que o Partido Popular utiliza unha Administración pública para facer campaña, e non porque o diga o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego ou Alternativa dos Veciños, senón porque o di quen? que o ten que dicir, que é neste caso a Xunta Electoral, que é a que afirma -tiñao por aquí pero non o atopo agora- a que afirma nesa resolución que a Xunta de Galicia incumpriu a lexislación e obriga o Partido Popular a retirar esa campaña. Non é única, xa houbo varias, e mire que levamos moi pouco tempo dende que se convocaron as eleccións.

Polo tanto, miremos como miremos esta marabilla que hoxe nos traen a este Pleno, miremos como a miremos, non hai por onde collelo. Nin están vostedes en posición de dar ningún tipo de exemplo nin lección a ninguén, aquí o teño: acordo da Xunta Electoral central, que existe a infracción electoral do artigo 53. Polo tanto, incumpren vostedes a lei, e ordena a retirada inmediata das redes sociais das publicacións denunciadas que non se limitan a informar do procedemento para exercer o voto por correo. Isto é de hai uns días. Non pon aquí a data, si, o 16, o día 16, creo que hoxe é 18, me parece, hai 2 días. A Xunta Electoral dilles a vostedes que incumpren a lei. Por tanto, “hágaselo mirar”, no exerza iso de “le dijo la sartén al cazo”, imos empezar a mirar primeiro o noso embigo, a ver o que temos por aí dentro e despois imos falar dos demais.

E sobre todo, se falamos dos demais, se isto fose tan malo como vostede di, non tería necesidade ningunha de mentir e manipular como fixo na súa intervención, porque simplemente diría o que hai, cando ten vostede que recorrer á mentira, á manipulación e dicir que a Deputación se apropia das obras dos concellos, cousa que non é verdade porque non se di nesa carta, e se quere léoa, que a teño aquí, pois coñécese que non debe de estar dende logo moi seguro de que aquilo que está denunciando a través deste Pleno, ou que pretende denunciar sexa moi acorde coa realidade porque, se non, con ler o que poñía a carta xa estaba, cousa que non fixo, agora que ten vostede dereito a réplica, convidoo a que a lea para que escoitemos tamén todos, por se acaso vostedes recibiron unha carta que non recibimos os demais, que todo pode ser.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.



Yendo por partes un poco, Sr. García Seoane, da gusto escucharlo a usted, ¿no?, porque de alguna manera los alcaldes afortunados eran los que en su ayuntamiento se han hecho obras en las cuales la Diputación, en competencia de sus actuaciones, no de las del ayuntamiento, puede quitar lustre. Debe ser usted de esos pocos afortunados donde se ejecuta ese 20 % de vías y obras, que es la ejecución de los últimos años desde que es Presidente el señor Formoso, vías y obras una ejecución del 20 % de los años, lo cual es para caérsele la cara de vergüenza de toda esta institución y de todos los que de alguna manera la representamos, aunque no estemos en la reponsabilidad de gobierno. Enhorabuena, señor García Seoane, porque, oiga, por lo menos tiene usted algo que decir. Ya digo, gran parte de ese 20 % debió recaer en Oleiros porque el resto de los ayuntamientos no tienen esa fortuna.

Señora Veira, papelón, papelón del BNG, papelón, papelón... Oiga, ¡quién les ha visto y quién les ve! Pero, claro, ustedes siguen con ese traje de la oposición que tan bien les queda y que seguirán poniendo cuatro años más porque, claro, ha trasladado usted un debate parlamentario al Parlamento de Galicia a esta institución. Nos habla usted de incumplimientos, incumplimientos, la Xunta, la Xunta, la Xunta, el Gobierno de la Xunta, la Xunta, la Xunta... Nosotros somos buenísimos.

Mire, ha hecho usted mención a algo que sí es cierto, Galicia es la primera comunidad que ha aprobado su presupuesto para el año 2024, la primera, eso es un signo de responsabilidad y es un signo de estabilidad política, gracias por recordarlo. Pero, mire usted, la mayor injusticia que hay en una institución como esta es no ser capaces de ejecutar el presupuesto de gastos. Ustedes ejecutan el 42 % del presupuesto de gastos en esta institución y llegan a un 120 %, como el año pasado, en el presupuesto de ingresos. Esa es su condena y esa es la realidad de la gestión y del gobierno de esta institución, y no han tenido la vergüenza torera de decir: pues igual nos hemos confundido, porque es verdad que seguramente en la carta que hemos enviado teníamos que haber puesto "la Diputación, con la colaboración del Ayuntamiento de Arteixo, Laracha, Vedra, Culleredo, Pontedeume, etcétera, ha hecho x". Pero luego le contestaré al señor Fernández.

Y, mire, cuando hablan ustedes de pedir perdón, ha hecho usted mención de forma colateral al tema de vertido de pellets y tal, aún no han pedido ustedes perdón a la gente del mar, al sector, a la gente que trabaja en el mar, que está sufriendo debido a la manipulación y a las falsedades que algunos han comentado, especialmente su partido, su dirigentes, también el Partido Socialista, fruto de la desesperación, y están teniendo problemas en la venta debido a la desinformación de su partido y también al sector turístico. Aún no han pedido perdón y deberían hacerlo lo antes posible, ¿por qué?, porque al final, claro, cuando salen fotos de manos llenas de pellets y no corresponde esa foto a Galicia, que es una foto de un vertido en Estados Unidos; cuando salen fotos de un *peixe* de Sri Lanka hay que tener cuajo, poca vergüenza y ser unos sinvergüenzas absolutos para hacer esas campañas de manipulación tan vergonzosas. Aún no han pedido perdón, deberían hacerlo, aproveche para hacerlo hoy porque ha trasladado usted un debate político del ámbito de Galicia a esta institución cuando hoy veníamos a hablar de algo muy distinto que es de la carta que se ha enviado a los ciudadanos.

Porque una cosa es una nota de prensa, señor Fernández, y otra cosa es una carta enviada al domicilio, arrojándose las actuaciones de las obras, 372.000 cartas que han mandado, las obras de los ayuntamientos. Porque, mire, usted, señor Fernández, o no sé, señor Formoso, que sigue siendo alcalde de As Pontes, por lo menos eso comentan, a día de hoy se están redactando los proyectos, están tomando las decisiones en cada corporación municipal de qué obras van a ser las que se metan en el Plan Único del año 2024, entiendo que es así, los que están gobernando, usted señor Fernández



tiene mayoría absoluta, llevará al Pleno, no es una decisión suya como alcalde, es una decisión del Pleno del Ayuntamiento de Pontevedra decidir cuáles van a ser los proyectos del Plan Único de 2024 y antes de febrero tienen que estar esos proyectos aquí. El señor Rioboó estará y negociará, digo yo, porque no tiene la mayoría suficiente, para que se aprueben los proyectos del POS y traerlos aquí. El señor Formoso le preguntará a su teniente de alcalde qué es lo que van a hacer en As Pontes, porque él por allí mucho no pasa. El señor alcalde de A Laracha, etc. Cada uno evidentemente traerá aquí, aprobará sus obras y las tendrá que mandar aquí. Son decisiones de los ayuntamientos, ustedes lo saben perfectamente. No cuesta nada reconocerlo. Oiga, a lo mejor nos hemos equivocado, porque en el expediente administrativo decía textualmente "el señor Formoso habla de obras realizadas por la Diputación", en el expediente administrativo que se ha aprobado aquí, esa es la realidad.

Pero, oiga, nadie está poniendo en tela de juicio el Plan Único, no hemos venido a hablar aquí, señor Fernández, de si el plan único es bueno, es malo, es regular o es medio pensionista. Y, cuando usted habla de los fondos que se aportaban del POS en los años 2015, 2014, etc., habla del POS solamente, pero había otra serie de planes complementarios y que se aportaba más. Es decir, el dinero en conjunto era la suma de esos planes. Y ya le voy a decir una cosa para ir finalizando, porque han dejado ustedes bastante claro cuál es su postura respecto a nuestras iniciativas y nuestras propuestas, mociones, etc. Nosotros traeremos una moción en el siguiente pleno pidiendo, ya se lo anuncio, para que preparen la réplica, que es muy sencilla, ya tengo más o menos entendido lo que van a decir, pidiendo que se haga un plan de abastecimiento y saneamiento. Sí, lo vamos a traer de nuevo, y lo vamos a traer de nuevo por un motivo, porque hace poco se ha aprobado una iniciativa aquí para abastecimiento de agua de Ares, tan necesaria, es verdad, veo por la prensa que se va a traer aquí un proyecto para otro ayuntamiento grande, una importante cuantía económica para el abastecimiento de agua y yo lo que digo es: estoy de acuerdo con que estos ayuntamientos tengan una aportación para el abastecimiento de aguas, pero quiero que esa posibilidad se abra a la totalidad de los ayuntamientos de la provincia, especialmente a aquellos más pequeños, porque esa es la razón de ser de esta institución. Cuando traiga esa moción y en esa moción ustedes voten en contra, aludiendo a que esos fondos tienen que ser del Plan Único, espero que tengan en cuenta lo que van a decir ese día y cuáles son sus argumentos, porque van a ser luego los que van a tener que explicar, cuando traigan medidas concretas de algún sitio a través de convenios nominativos, por qué lo hacen, porque de tomaduras de pelo empezamos a estar cansados en el Grupo Popular que, por cierto, es el grupo mayoritario de esta institución desde hace tiempo y hemos ganado las elecciones de forma reiterada en la provincia de A Coruña por si ustedes no lo recuerdan.

Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Moi breve. Pero, antes de empezar, dicir que tivemos unha reunión de portavoces esta semana e falabamos de cumprir uns tempos e seguimos na mesma tónica. Un fala ata que lle dá a gana, pode falar media hora, pode falar unha hora e, ben, eu cando se fala tanto xa saben que me aburro e collo e marchó. Porque cando estou cansado de oír cousas que se repiten, e repiten, e repiten e non din nada nin amañan nada para os cidadáns, a min, pois xa son moi maior para estar escoitando todos estes temas.

Isto estase enfocando como un tema electoral por parte do Partido Popular. Eu xa deixei clara cal era a miña postura, non?, tanto no respecto ao Goberno da Deputación como ao que fai o Partido Popular, cando critica unhas cousas e as fai moito peor que o que se está aquí a falar.



A min paréceme ben que se informe, dicía a compañeira do BNG, para que coñezan os fondos, si, paréceme moi ben que a Deputación, e fíxoo unha, dúas, tres, e que o faga cantas veces queira, pero que fale dos fondos que destinan aos concellos, non das obras que non son da Deputación. Que fale "a Deputación dooulle ao concello de tal un millón de euros, 500.000 euros" e o concello fará o que estime oportuno, como de feito facemos cando levamos aos plenos da Corporación, que se van levar estes días na maior parte dos municipios.

E, insisto, cando comentas, compañeiro do PSOE, -non me acordo agora do teu nome, vou vello xa, xa estou empezando a perder así ao fío das...- Ben, pois cando "o noso labor no teu o concello", non é o labor, o labor eu sempre entendín que era traballo, non?, non é o traballo, é a nosa achega. A min se me dis "a nosa achega ao teu concello", pois, mira, marabillioso, pero labor non, porque o labor é o meu e o dos meus compañeiros e o dos veciños que corren polas corredeiras –en Oleiros non as hai– polas rúas e para facer as cousas. Por tanto, hai formas de facelo sen quedar mal. E, cando se fala de visitas a bendicir obras, a min parécenme de puta madre. Vir todos os que queirades, Xunta, Deputación, gobernos neste caso, o Estado, a Oleiros, en campaña electoral, non a inaugurar, porque non ides poder inaugurar, nin ides poder poñer a primeira pedra, pero vir con cartos, vir polo concello, recíbovos, paséovos polo concello cando queirades, vir nestes días. ninguén nos vai poder denunciar nada. Vamos ver que é o que imos facer. Por tanto, tedes as portas abertas de par en par para vir ao Concello de Oleiros.

E respecto, Evaristo, alcalde afortunado, menos mal que son un municipio afortunado, non un alcalde afortunado, pero é que, cando estiveses vós aquí con Diego Calvo, me fusilastes. Por tanto, claro que son afortunado e agradezo que se me teña en consideración por ser o oitavo municipio de Galicia en poboación e o primeiro en administración pública e noutras cousas moitas máis. Por tanto, afortunado indubidablemente. Grazas, presidente, por terme consideración como concello, pero con Diego Calvo eu tiven que vir aí arriba, ao galiñeiro e poñerme a berrar aí arriba para que as cousas cambiaran no seu día. Por certo, aquel día dixen: ti non serás máis presidente da Deputación, e cumpriuse a profecía, me cago na mar. Nada máis

#### Sra. Veira González

Si, pois voulle adiantar, señor Ben, o que imos dicir cando traian vostedes esa proposta, que foi o señor Diego Calvo quen eliminou precisamente o plan que había na Deputación da Coruña para saneamento e para abastecemento, que tiña unha dotación de 40 millóns de euros. Iso é o que lle vou recordar a vostede, que foi o seu partido, o Partido Popular, gobernando esta Deputación, quen eliminou ese plan. Si que existía, si que existía. Vale... Busquen vostedes.

En todo caso, miren, hai un refrán galego que di quen teña a lingua aguda, teña a costela dura. Vén vostede aquí acusar o Goberno da Deputación, e denunciaron o meu compañeiro, Regueira, o vicepresidente da Deputación, denunciárono persoalmente por unha carta, intentando vostedes, non sei, dar exemplo, ou intentaron non sei que vostedes, sobre unha maneira de facer política que é súa e non é deste Goberno da Deputación. E foi o que lle expliquei, non trasladei aquí ningún debate do Parlamento galego. Pero, aínda que a min non me guste, vostedes gobernan a Xunta de Galiza, por sorte, por sorte, ten remedio e, por sorte, quédalles un mes escaso á fronte da Xunta de Galiza. Pero, como están vostedes na Xunta de Galiza, podo traer aquí exemplos do que fan vostedes na Xunta de Galiza, onde si incumpren o período de sombra, si incumpren as restricións do período de sombra, si incumpren ese precepto da Lei electoral que di que non se pode parecer, nin se poden asemellar as campañas dos partidos políticos ás



das institucións. Acabo de poñerlle un exemplo, pero podo poñerlle miles de como fan vostedes efectivamente adrede, ou confunden adrede a xente coas súas campañas.

Mire, non temos o traxe da oposición posto, témosllo gardado a vostedes para a partir do 18 de febreiro pero, mire, cando estabamos na oposición, sabe que denunciaba o Bloque Nacionalista Galego aquí, cando estaban vostedes no Goberno e na Presidencia desta Deputación?, que a Deputación enviaba en sobres do Partido Popular impresos de solicitude de subvencións desta institución. Si, é certo, enviábanse, e ademais a xustificación era patética, que se dicía que non se daba a basto e entón que a xente de gabinete pois ensobraba así co sobre e se confundía, confundíase e collía o do PP sen querer. Iso foi o que pasou nesta Deputación cando gobernaban vostedes e nós como oposición o denunciabamos. Ou como liberados da súa organización política ían en nome da Deputación a determinados lugares a falar de como se solicitaban as subvencións nesta casa. Exemplos de neutralidade, exemplos de ética, exemplos de transparencia na actuación política non poden dar, señores do Partido Popular, non o poden dar.

Insistan o que queiran, hai unha resolución xudicial moi clara, moi clara, que di que non hai ningún tipo de delito nin de falta na carta que se enviou. Non se minte nesa carta, o que se di é que a Deputación o que fai é transferir uns fondos aos concellos para executar unhas determinadas obras e iso é verdade. O que pasa é que a vostedes non lles gusta, porque a vostedes o que lle gusta é tapar ese feito, que hai ese reparto obxectivo de fondos por parte desta Deputación. A vostedes iso non lles gusta, están en todo o dereito de enfadarse e de que non lles guste, pero non de mentir, porque vostedes utilizan a mentira como ferramenta para facer política e iso tamén se ten que rematar o 18 de febreiro.

Sr. Fernández Piñeiro

Falaba antes de papelón, eu definiría a súa intervención como de pastelón máis que de papelón, porque vaia pastelada, vaia pastelada de mentiras que volveu vostede repetir unha vez máis, tivo a cara dura de dicir aquí: “suerte, señor Gelo, que hai un concello que recibe algo que outros non temos esa sorte”. Pero, quen? Quen non ten esa sorte? Período 2019-2023: 33 concellos do Partido Popular con investimentos de vías e obras. Home, non serán todos, evidentemente, tampouco do Partido Socialista ou do Bloque Nacionalista Galego, nin de formacións independentes, 33 concellos. 2015-2023: 12,7 millóns de euros investidos en concellos do Partido Popular. Quere que lle diga canto se investía só entre 2011 e o 2015, cando estaban vostedes aquí? O 71% do investimento, sabe onde caía? Xa o sabe, non? Onde “dice el dedo”, no do Partido Popular, nas vías provinciais dos concellos do Partido Popular. E ten vostede a cara dura de mentir aquí diante de todos nós, sabendo que esa información é moi fácil, é moi fácil conseguila... Por favor, Carlos, eu non te estou interrompendo e non estás no uso da palabra, fai o favor.

Sr. Presidente

Por favor, respecten as quendas.

Sr. Fernández Piñeiro

Polo tanto, vir aquí mentir desa maneira, por favor, Carlos...





### Sr. Presidente

Carlos, Carlos, tes un aviso.

Bernardo, por favor, un momento.

Non volvo avisar, respecten as quendas todos e todas. Grazas.

### Sr. Fernández Piñeiro

Vir aquí mentir diante de todos dicindo que os concellos do Partido Popular non levaron investimentos, e dicir tamén que van traer unha moción polo tema do saneamento porque viu vostede, pero viu vostedes esas dúas, pero quere que lle diga outra?, hai unha nominativa 2023 para o Concello de Coristanco, paréceme que o goberna o Partido Popular, para o saneamento. Por que? Porque cando se piden nominativas tamén se pide cada un para o que quere. Igual que o Plan Único, que cada un o inviste no que quere. Esa é a forma que nós entendemos de facelo. E podo comprender, e iso non llo achaco que vostede teña unha visión diferente, que vostede entenda que esta institución ten que ter liñas de axudas dirixidas, eu non o comparto e este Goberno non o comparte, e por iso entendemos que ten que ser o concello o que decida en que queren investilas e hai concellos que piden para saneamento porque o necesitan e hai outros que non. É tan sinxelo como iso. Pero, home, xustamente en saneamento e abastecemento non creo, tendo en conta o traballo que fai Augas de Galicia, que sexan vostedes os máis indicados para falar diso. E dígoos eu, que non son dos que se pode queixar. É verdade que un día me botaba aquí en cara un voceiro do seu grupo: “Vostede, que no seu concello investimos non sei canto en augas, como di...?”. Si, é verdade. Porque esa era unha obra que tiña fase 1 e fase 2, e a fase 1 pasaba polo meu concello, e sen fase 1 non había a 2, e a 2 sabe onde acaba vostede?, nun concello do PP, se non xa me podía ter esquecido. E había un director de Augas naquel momento, que tamén forma parte desta Corporación, que dous meses antes me dixo que non había cartos para augas, que non había cartos para saneamento. E resulta que, cando vén a conselleira aprobar o plan urbanístico, sabe que me di?, cando lle pido cartos para abastecemento, porque dá por feito que saneamento non había porque mo acaban de dicir, dixo: “non, non, para abastecemento non teño pero para saneamento si; é máis, se non os gasto, vounos ter que devolver Europa”. Ben, pois ese director de Augas que hoxe senta aquí e non está a min díxome que non había cartos, por tanto prefería devolvelos a Europa que darllos o meu concello, non a min, ao meu concello. Así é como traballan vostedes nas institucións públicas, xa non é que non mos dera a min para darllos a un do PP, que ben, no peor dos casos quedaban aquí os cartos, non, prefería devolvelos a Europa antes que darmos. E isto é verídico, é verídico.

Polo tanto, vir aquí dar leccións ante nós, porque, se isto saíse na TVG, que sabemos que non fá saír de ningunha das maneiras, só saírían vostedes, os demais no saíramos, se saíse na TVG e o vise o resto da cidadanía, podería entender toda esta pantomima que montaron aquí. Pero vir aquí a dicilo diante dos que estamos aquí sentados, que todos e todas sabemos os que hai dun lado e de outro, todos e todas. Vale, pois oe, papelón e pastelón.

Nada máis e moitas grazas.

Por certo, unha vez máis na manipulación di vostede, como na carta non di que nos apropiamos das obras, di vostede “en el expediente administrativo...”. Pero que pasa?, mandouse o expediente administrativo ás casas? Entran os veciños en tropel na páxina web da Deputación para mirar e ler o expediente administrativo? Vostedes



convocan un pleno, se mal no recordo e está aquí a convocatoria, non polo expediente administrativo, polo que di o presidente no expediente administrativo, convócano polo que se di nunha carta, e nunha carta na que non se di o que vostede di que se di. Dise que a Deputación financia esas obras, cousa que é verdade. Pero é que á parte isto non é primeira vez que falamos do Plan Único de parte deste Goberno. Se ve vostede as notas de prensa que se remiten constantemente sobre o Plan Único, faise fincapé en que a Deputación achega eses recursos aos concellos e son os concellos os que deciden en que queren investilos. Se quere, sácolle as notas, teño aquí os pantallazos, en todos os medios de comunicación.

Por tanto, unha vez máis, manipula vostede a realidade e a verdade para intentar xustificar ata certo punto o ridículo que fan traendo aquí unha moción sobre algo que quen ten que dicilo xa dixo que non hai nada e que ademais os deixa a vostedes en evidencia porque, que quere que lle diga?, alí onde gobernan, sobre todo nesa Xunta de Galicia, que é de todos os galegos e as galegas, aínda que vostedes non se acorden, é boa mostra de cartas asinadas nas que se minte, xa non só nas que se informa, etc. Polo tanto, “consejos vendo que para mí no tengo”, vai sendo hora que vaia vostede aplicando esa máxima e polo menos aforraremos tempo para non vir a este Pleno e cartos, porque isto tamén hai que pagalo”.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Repito: se alguén quere intervir, que pida palabra.

Procedemos, por tanto, a finalizar o Pleno. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:20 horas.